

Premio Planeta 2009

Ángeles Caso (Gijón, 1956)



A escritora Ángeles Caso gañou o Premio Planeta de Novela 2009 coa súa obra **Contra el viento**. A gañadora xa fora finalista do Premio Planeta en 1994 coa súa novela **El peso de las sombras** e en 2000 gañou o Premio Fernando Lara con **El largo silencio**.

O título da novela foi denunciado polo escritor galego Xavier Alcalá porque coincide co da súa obra homónima (1994), o que xera certos conflitos legais. Trátase da tradución de *Cárcere Verde*, que precisamente en castelán recibe o título de *Contra el viento*. Ademais, Alcalá vai reeditar en breve esta novela traducida.

O rostro de Caso é amplamente coñecido pola súa participación como presentadora do telexornal de TVE entre 1985 e 1986, así como do programa de entrevistas *La tarde*,

Contra el viento trata da vida dunha emigrante de Cabo Verde en España. A figura da protagonista está, dalgunha maneira, inspirada na muller que axudou a Ángeles a criar a súa filla e que, vindo de Cabo Verde, levou unha vida de moitas penurias e sometementos. Trátase dunha conmovedora historia de amizade entre dúas mulleres que viven en mundos opostos, narrada coa beleza da realidade, unha novela plurivocal con un final feliz, chea de sensibilidade para lectores ávidos de aventura e emoción. Comeza coa historia da nena São, nada para traballar como todas na súa aldea, que decide construír unha vida mellor en Europa. Tras aprender a levantarse unha e outra vez, encontrará unha amizade nova cunha muller española que afoega nas súas inseguranzas. São devolveralle as ganas de vivir e xuntas construírán un vínculo indestructíbel que as fará fortes.